

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DO 2022.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten: BRION SANTAMARIA JUANA MARIA</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezasete de Novembro do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 10/11/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/182

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 10/11/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA "SUNNE GALIZA, S.L.U." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN E REORDENACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO COLEXIO DE ARTES"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/190

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/11/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA "EXCAVACIONES NIMA, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS (RIBEIRA)""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/192

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/11/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DAS FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLA EMPRESA "EXCAVACIONES NIMA, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO MAR E RÚA DA VOLTA (CASTIÑEIRAS)""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/193

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/11/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLA EMPRESA "EXCAVACIONES NIMA, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS FONTENOVA E ALTO DO RIAL (CASTIÑEIRAS)""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/204

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/11/2022 "Decreto: Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado "INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE MUÍÑOS (OLEIROS)""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/206

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/11/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLA EMPRESA "EXCAVACIONES NIMA, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "BEIRARRÚAS E AUGA POTABLE EN RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)""

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/224

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/11/2022 "Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA "ECOCOMPUTER, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS EN VARIAS RÚAS PEONÍS DE RIVEIRA (RÚA GALICIA E RÚA SANTA UXÍA)""



9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/225

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/11/2022 “Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA MIÑOTEIRO (PALMEIRA)””

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202211/226

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/11/2022 “Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E PLUVIAIS EN MARTÍN (RIVEIRA)””

11.- MODIFICACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA E ANEXO DE MURO DE CONTENCIÓN E PECHE DE PARCELA. (LICENZA Nº 40/2020). PROMOTOR: EFRÉN FERNÁNDEZ LAGO. LUGAR: INSUELA, PALMEIRA (RIBEIRA).

VISTA a **solicitud** de **MODIFICADO** de licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA E ANEXO DE MURO DE CONTENCIÓN E PECHE DE PARCELA (LICENZA Nº 40/2020), INSUELA, PALMEIRA (RIBEIRA)**, da que é promotor **D. EFRÉN FERNÁNDEZ LAGO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como **informe técnico** favorable emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **6 de setembro de 2022**, o **informe técnico** en relación á **valoración** do orzamento da edificación e do anexo do muro de contención e peche de parcela do expediente emitido pola enxeñeira municipal, con sinatura dixital o **día 26 de outubro de 2022**, no que recolle un orzamento de execución material de 184.654,06 €, o **informe** emitido polo **técnico de administración xeral de urbanismo**, de data **26 de outubro de 2022**, e o **informe** emitido polo **secretario xeral da Corporación**, con data **11 de novembro de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **D. EFRÉN FERNÁNDEZ** a **modificación da licenza de obras nº 40/20** para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira e anexo de muro de contención e peche de parcela, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de decembro de 2021, Anexo ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de



data 25 de febreiro de 2022 redactados polos arquitectos D. Miguel A. Abad Blanco (col. nº 1.877) & D. Antonio Deus Álvarez (col. nº 1.875).

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de*



xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, cos cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuita de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA -Manuel Martínez Sieira

Visto o escrito presentado por **Manuela Martínez Sieira**, de data 20/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.843), no que solicita certificado de aproveitamento/ cualificación urbanística e condicións urbanísticas de explotación da finca con referencia catastral 15074A008010050000KO

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Ricardo Aneiros Rodríguez, de data 08/11/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística da parcela.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante **RLSG**
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

Clasificación urbanística

Segundo o plano 2.15 de ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais do vixente Plan de Ordenación Municipal de Ribeira, ao solo obxecto deste informe correspóndelle a clasificación de SUZ3 (Solo urbanizable residencial).

O solo no que se atopa a parcela de referencia inclúese no programa de actuación do vixente PXOM, polo que se trata dun SOLO URBANIZABLE DELIMITADO.

Xa que o PXOM de Ribeira non está adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, aplicarase o disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e posteriores actualizacións:



“2. O planeamento non adaptado á lei 9/2002, do 30 de decembro, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos termos da disposición transitoria primeira desta última lei, e conforme ás seguintes consideracións:

a) Ao solo urbanizable delimitado aplicaráselle o disposto na lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento para o solo urbanizable.”

Determinacións do planeamento contidas no PXOM.

Art 145: Fichas de planeamento

S.U.Z.3			
Denominación:	Abesadas	Sector número:	S.U.Z.3
Iniciativa de planeamento:	Pública	Figura de planeamento:	Plan Parcial
Orde de prioridade:	Segunda	Sistema de actuación :	Cooperación
Superficie bruta sector:	60.900 m ²	Superficie neta do sector:	51.828 m ²
Determinacións para o planeamento			
Uso global:			
Sistemas xerais incluídos a efectos de planeamento:			
Viario:	9.072 m ²	Espazos libres:	m ²
Equipamentos:	m ²	Sistemas Xerais incluídos no sector:	m ²
Intensidade de uso global medida sobre a área non ocupadas por sistemas xerais:		1 m ² /m ²	Aproveitamento lucrativo máximo: 51.828 m ²
Densidade de referencia :	Viv/Ha	Tipoloxía de edificación:	Residencial colectivo
Uso global excluyente:	Industrial	Usos compatibles:	O resto
Determinación para a xestión e execución:			
Aproveitamento tipo da área de reparto AR-3 de solo urbanizable cos solos de sistemas xerais incluídos ou adscritos aos sectores para a súa obtención, 0,85 m ² _{etuc} /m ² _s			

Cumprimento do decreto 143/2016 RLSG

Art 42. Réxime de solo urbanizable:

1.- Os propietarios do solo clasificado como urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao concello a aprobación do correspondente planeamentos e desenvolvemento, de conformidade co establecido ana lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no Plan xeral de ordenación municipal, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa está ordenado directamente no plan xeral.

2.- No solo urbanizable, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non se poderán realizar construcións, AGÁS AS QUE SE VAIAN EXECUTAR MEDIANTE A REDACCIÓN DE PLANS ESPECIAIS DE INFRAESTRUTURAS E AS DE CARÁCTER PROVISIONAL, nas condicións establecidas nos artigos 89 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 204 deste regulamento.

Art. 204. Usos e obras provisionais

1.- Maila a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a



sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de Xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

2.- Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o Concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no Rexistro da Propiedade.

As obras executadas para usos provisionais deberán ser al mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións fácilmente desmontables. NON SE ADMITEN COMO USOS PROVISIONAIS OS RESIDENCIAIS NIN OS INDUSTRIAIS.

CONCLUSIÓN

Polo exposto anteriormente, se **informa** que á parcela con referencia catastral 15074A008010050000KO correspóndelle a clasificación de SOLO URBANIZABLE, Segundo o vixente plan xeral de ordenación municipal, permitíndose unicamente en canto non se aprobe a ordenación detallada, obras que se vaian executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, sendo estas últimas as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións fácilmente desmontables. NON SE ADMITEN COMO USOS PROVISIONAIS OS RESIDENCIAIS NIN OS INDUSTRIAIS.

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Lorenzo Martínez Sieira (Constr.)

Visto o escrito presentado por **Lorenzo Martínez Sieira**, de data 10/08/2022 (Rexistro de entrada nº 15.077), no que solicita “informe de aproveitamento urbanístico” de dúas parcelas, con referencias catastrais 0624439NH0102S e 0624480NH0102S coa intención de agrupalas, a efectos construtivos.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Ricardo Aneiros Rodríguez, de data 09/11/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística de dúas parcelas.

1 LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante **RLSG**
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

Clasificación urbanística

Segundo o plano 3.6A de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Eugenia. Escala 1:2.000) do vixente Plan de Ordenación Municipal de Ribeira, aos



soares obxecto deste informe correspóndelle a clasificación de SOLO URBANO, con aplicación da ordenanza **6.3A Residencial extensiva unifamiliar illada**.

Xa que o PXOM de Ribeira non está adaptado á lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia, aplicarase o disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e posteriores actualizacións:

“2. O planeamento non adaptado á lei 9/2002, do 30 de decembro, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos termos da disposición transitoria primeira desta última lei, e conforme ás seguintes consideracións:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

LEI 2/2016, DE 10 DE DECEMBRO, DO SOLO DE GALICIA

Artigo 17. Categorias de solo urbano.

.....

a) Solo urbano consolidado integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

Artigo 18. Soares

1. Terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

Compróbase que as parcelas obxecto deste informe teñen a condición de soar segundo a Lei do Solo de Galicia.

Determinacións do planeamento contidas no PXOM.

Artigo 157: Ordenanza 6.3- Residencial extensiva unifamiliar illada.

Definición e ámbito

Áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto coas direccións de estradas e rúas definidas nos planos de ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

OBRAS ADMISIBLES

Demolición

Reforma

Ampliación

Nova planta

Usos globais

USO GLOBAL: Residencial extensivo



USO CARACTERÍSTICO PORMENORIZADO: Vivenda unifamiliar

USOS ADMISIBLES: Admitiranse unicamente ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales como restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservando a parcela e o tipo de edificación

Tipoloxías edificatorias

Vivenda unifamiliar illada

Normativa sectorial

Cada uso incluído na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado polas condicións de habitabilidade do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Parámetros da edificación

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: ordenanza 6.3A: 500 m²

Fronte mínimo: 12 metros

Condicións de forma: a forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 metros de diámetro.

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Ocupación máxima da parcela: 30%

Recuamentos: A edificación manterá un recuamento respecto aos lindeiros de 3 metros, e ás vías, a establecida nestas normas.

As parcelas de referencia teñen acceso no seu fronte á estrada DP 7309, clasificada, segundo o plano 2.12 de ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo, usos globais e viario (escala 1:5.000), como vía tipo III.

Segundo o artigo 89 da normativa urbanística: Viario e aliñacións, A aliñación mínima, cando non figuren nos planos de ordenación sería de 6 metros ao eixo do vial, en vías de tipo III.

CONDICIÓN DE VOLUME

Edificabilidade máxima: ordenanza 6.3A: 0.8 m²/m², computando a estes efectos o andar semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación: Nº de plantas: Baixo + unha planta+ Baixo cuberta, computándose a tódolos efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros.

Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,50 metros.

Altura de coroación: 4,00 metros medidos dende o último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade, sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcelas: So se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m., podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,50 metros.

Construcións auxiliares: autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación, sempre nunha única planta, con unha altura máxima de 3 metros. No caso de superar os 15 m², autorizaranse unicamente de existir edificación principal.



Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,90 m. debendo ser acristalados nun 50% da súa superficie.

Cornixas e aleiros: dimensión máxima de 0,40 metros.

Balcóns e terrazas: nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,60 m.

Cubertas: resolveranse prioritariamente a dúas augas utilizando en calquera caso como material de cubrición tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro a cumio, prohibíndose a construcións de mansardas.

Condicións ambientais e estéticas.

A intención é a de acadar unha franxa de edificación en baixa densidade con grande proporción de espazos axardinados e arborados.

Peches exteriores e materiais: a volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordos cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias da contorna. Prohíbense os muros de bloque sen revestir nin pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, aceiro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou colorados.

Composición de fachadas e ocos: Tomarase como referencia a arquitectura popular existente na zona. Recoméndase que os ocos das ventás teñan forma cadrada ou rectangular. Nese caso, o lado vertical será sempre maior que o horizontal

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindes da parcela.

AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS

Decreto 20/2011, do 10 de febreiro polo que se aproba definitivamente o plan de ordenación do litoral de Galicia

O POL inclúe a parcela nas áreas de mellora ambiental e paisaxística. Ao no se tratar dun solo rústico, non precisa informe do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe (Instituto de Estudos do Territorio, en adiante IET).

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

art 38 . Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

.....

4.Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

CONCLUSIÓN

Polo exposto anteriormente, **informo** que ás parcela con referencias catastrais 0624439NH0102S e 0624480Nh0102S correspóndelle a clasificación de SOLO URBANO, con aplicación da ordenanza 6.3A Residencial extensiva unifamiliar illada. As actuacións que se realicen axustaranse ás determinacións do PXOM, descritas no informe, non precisando autorizacións sectoriais, tal e como se indica no punto "AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS" deste informe.



FIRMANTE - FECHA



14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Lorenzo Martínez Sieira (Apr.Urb.)

Visto o escrito presentado por **Lorenzo Martínez Sieira**, de data 10/08/2022 (Registro de entrada nº 15.078), no que solicita “informe de aproveitamento urbanístico” de dúas parcelas, con referencias catastrais 0724913NH0102S e 0724912NH0102S coa intención de agrupalas, a efectos de aproveitamento urbanístico.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Ricardo Aneiros Rodríguez, de data 10/11/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística de dúas parcelas.

1 LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante **RLSG**
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

Clasificación urbanística

Segundo o plano 3.9 de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Eugenia. Escala 1:2.000) do vixente Plan de Ordenación Municipal de Ribeira, aos soares obxecto deste informe correspóndelle a clasificación de SOLO URBANO, con aplicación da ordenanza **1 “Residencial intensiva colectiva en manzana”**

Xa que o PXOM de Ribeira non está adaptado á lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia, aplicarase o disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e posteriores actualizacións:

“2. O planeamento non adaptado á lei 9/2002, do 30 de decembro, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á lei 2/2016, do 10 de febreiro, nos termos da disposición transitoria primeira desta última lei, e conforme ás seguintes consideracións:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

LEI 2/2016, DE 10 DE DECEMBRO, DO SOLO DE GALICIA

Artigo 17. Categorias de solo urbano.

.....

a) Solo urbano consolidado integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.



Artigo 18. Soares

1. *Terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.*

Compróbase que as parcelas obxecto deste informe teñen a condición de soar segundo a Lei do Solo de Galicia.

Determinacións do planeamento contidas no PXOM.

No artigo.150 da normativa do PXOM establécense as seguintes determinacións, sen prexuízo da aplicación do resto da normativa do PXOM, en especial as normas xerais da edificación do título quinto da dita normativa:

Artigo 150: Ordenanza 1.- Residencial intensiva colectiva en cuarteirón

Definición e ámbito

Áreas de solo urbano con densidade de poboación alta, destinados para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.

O seu deseño apóiase sobre a rede viaria existente e a que se deseñou ou completou mediante o presente planeamento.

É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de cuarteirón, á que se adjudican unha ou varias alturas máximas de cornixa atendendo á diferenza de cotas do viario.

OBRAS ADMISIBLES

Demolición
Reforma
Ampliación
Nova planta

Usos

Uso global: Residencial intensivo

Uso característico: Vivenda colectiva

Usos admisibles: Terciario de comercio, oficinas e hostelería, industriais no seu nivel que non superen os limiares de compatibilidade domésticos e dotacións de interese social, unicamente en plantas baixas e primeira.

Tipoloxías edificatorias

Edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores ou a través de patios de parcela.

Parámetros da edificación

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 100 m², Agás as parcelas existentes entre dúas xa consolidadas

Fronte mínimo: 6 metros, agás as parcelas entre medianeiras.

Condições de forma: a forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 metros de diámetro.



CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Ocupación máxima da parcela: 100%

Ocupación en planta baixa: Fondo máximo: 25 m.

Ocupación en sotos: 100% da parcela edificable

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Aliñacións: As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.

CONDICIÓN DE VOLUME

Número de plantas: As definidas nos planos de ordenación, coa limitación do largo da rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, agás nas rúas relacionadas na seguinte táboa.

RÚA DE GALICIA.....	B + E + 2P + Atico
AVDA. DO MALECÓN Y PASEO DAS CAROLINAS (de Romero Ortiz a Avda. de La Coruña).....	B + E + 4P + Atico
C/ CORDIERIO.....	B + E + 3P + Atico
C/ CRISTOBAL COLON (desde Praza da Igrexa a c/ Irmandiños).....	B + 3P + Atico
C/GRAL. FRANCO.....	B + E + 2P + Atico
C/ LAGAREU.....	B + 3P + Atico
C/ LEPANTO.....	B + 3P + Atico
C/ MARIÑO DE RIBEIRA.....	B + E + 3P + Atico
C/ MIGUEL RODRIGUEZ BAUTISTA.....	B + E + 3P + Atico
C/ MONUMENTO.....	B + 3P + Atico
C/ NORO.....	B + 3P + Atico
C/ NUEVE DE AGOSTO.....	B + E + 3P + Atico
C/ ROMERO ORTIZ (desde Malecón hasta Rúa do Toxo e Rúa da Canteira).....	B + 3P + Atico
C/ ROSALIA CASTRO.....	B + E + 4P + Atico
PRAZA DO CONCELLO.....	B + E + 4P + Atico
AVDA. FERROL (desde Padín hasta Corredoira Morta -Carretera de Comandante).....	B + E + 2P + Atico
AVDA. PEREZ GALDÓS.....	B + E + 2P + Atico
PROLONGACIÓN RÚA ESCORIAL.....	B + 4P + Atico

Segundo o plano 3.9 de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Eugenia. Escala 1:2.000) O número de plantas deberá ser V : Baixo + 4 plantas

Altura de cornixa: para determinar a altura máxima, considéranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas no caso de uso residencial, que poderá aumentar a 3,20. Para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.

Altura de coroación: o cumio situarase nunha cota máxima de 4,00 metros medidos dende o último forxado.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Autorízanse as construcións de baixo cuberta cun peto na liña de fachada, de 1,00 metro de altura máxima.

Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornixas e aleiros serán 0,40 metros.



Os patios de luces cumprirán co disposto no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia (NHVG)

AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS

Protección de costas

Segundo a cartografía asociada ao servizo de delimitación do dominio público marítimo terrestre, elaborada polo Ministerio de transición ecolóxica y el reto demográfico, realizada consonte a Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de Costas, na que se inclúe a información adicional para a servidume de protección e as zonas de exclusión de determinados núcleos de poboación e terreos do dominio publico, as parcelas obxecto do informe atópanse **excluídas da area de servidume de protección**.

Decreto 20/2011, do 10 de febreiro polo que se aproba definitivamente o plan de ordenación do litoral de Galicia

O POL inclúe a parcela na área denominada ámbito de ordenación litoral, sendo estes os ámbitos de organización do modelo territorial no que se fai compatible o crecemento coa protección dos valores litorais mediante a axeitada identificación destes.

Segundo o artigo 3 punto 2 do POL, non será de aplicación nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado, polo que non se precisa informe do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe (Instituto de Estudos do Territorio, en adiante IET).

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

As parcelas obxecto do informe teñen dous accesos dende vía pública: Avenida da Coruña (N550) e Avenida do Malecón.

art 38 . Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

.....

4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

CONCLUSIÓN

Polo exposto anteriormente, **informo** que ás parcelas con referencias catastrais 0724913NH0102S e 0724912NH0102S correspóndenlle a clasificación de SOLO URBANO, con aplicación da ordenanza 1 Residencial intensiva colectiva en cuarteirón. As actuacións que se realicen axustaranse ás determinacións do PXOM, descritas no informe, non precisando autorizacións sectoriais, tal e como se indica no punto "AUTORIZACIÓNS OU INFORMES SECTORIAIS" deste informe.

15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Montserrat Abeijón Triñanes

Visto o escrito presentado por **Montserrat Abeijón Triñanes**, de data 12/08/2022 (Registro de entrada nº 15.219), no que solicita información urbanística relativa a parcela con referencia catastral nº 15074A033000750000KK.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 10/11/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



De acuerdo con el PLAN GENERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca en el plano adjunto de referencia catastral 15074A033000750000KK que está clasificada como **SUELO de NUCLEO RURAL POCO CONSOLIDADO Tipo C** y la parte posterior de la misma como **SUELO RUSTICO COMUN** con las siguientes determinaciones:

Artículo 135: Norma del suelo de núcleo rural poco consolidado. SNR-B

Definición norma zonal S.N.R.-C

SNR-C - Definición. Norma zonal S.N.R.-C

Comprende esta norma zonal aquellas áreas en las que existen indicios de residencia agraria y que con objeto de que se integren en el ámbito del núcleo rural existente, se limitan sus posibilidades de desarrollo denso, pudiendo admitirse su edificación en baja densidad de forma que no se pueda generar otro núcleo de población.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

- Conservación
- Consolidación
- Rehabilitación
- Restauración
- Ampliación
- Obra nueva.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada. Se mantendrá el tipo de edificación existente en el entorno, no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 800 m². no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie, pero se permitirá computar aquellas partes de la parcela que estuviesen dentro de otro tipo de suelo rústico. No obstante la posición de la edificación quedará enteramente dentro del área de esta norma zonal.

Frente mínimo: Será de 10 m.

Condiciones de ocupación

Posición: La posición de la edificación quedará retranqueada:



Respecto a los linderos 3 metros, se permitirá adosar a linderos en los casos en los que exista edificación anterior a la publicación de esta normativa, o bien, previo acuerdo con los colindantes exigiendo documento que lo acredite.

La alineación serán las líneas de cierre según la vía resultante de ordenación del sistema viario del término municipal.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 25 % de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,35 m²/m²

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una, permitiéndose la utilización del bajo cubierta, computando edificabilidad todos aquellos especiales de altura superior a 1,50 m. Se permite además la construcción de planta sótano.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 sobre el último forjado.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Solo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro.

En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 80 % de su superficie.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los caso su dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación a partir de 30 m². Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,3 metros.

Condiciones ambientales y estéticas.

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.



Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

Aparcamientos.

Se exigirá la creación de un aparcamiento, dentro del terreno de la propia parcela, por cada vivienda, con acceso desde la vía rodada, pudiendo estar cubierto o no.

Suelo Rústico Común.

Artículo 35. Usos y actividades en suelo rústico

1. Los usos y las actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:

- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes y rellenos.
- b) Muros de contención, así como vallado de fincas.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.
- d) Campamentos de turismo e instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares y divulgativas.
- f) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.
- g) Construcciones e instalaciones agrícolas en general, tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos.
- h) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones apícolas.
- i) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.
- j) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.
- k) Actividades e instalaciones comprendidas en el ámbito de la legislación minera, incluidos los establecimientos de beneficio, y pirotecnias.
- l) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de estas, así como las estaciones de servicio.
- m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.
- n) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.
- ñ) Construcciones de naturaleza artesanal o de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural.
- o) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen.
- p) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones públicos o privados.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220978015
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/11/2022 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/11/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/11/2022 13:49:04		Fecha: 17/11/2022 Hora: 13:48



q) Otros usos análogos que se determinen reglamentariamente y coordinados entre la legislación sectorial y la presente ley.

2. Los restantes usos en suelo rústico son usos prohibidos.

Artículo 36. Régimen de usos

1. Los usos y actividades relacionados en el artículo anterior son admisibles en cualquier categoría de suelo rústico, sin perjuicio de lo dispuesto en los instrumentos de ordenación del territorio y, en su caso, previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística.

2. En todo caso, en el suelo rústico de especial protección será necesario obtener la autorización o informe favorable del órgano que ostente la competencia sectorial correspondiente con carácter previo a la obtención del título habilitante municipal o autorización autonómica en los casos en que esta fuese preceptiva según lo dispuesto en el número siguiente.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a solicitante (**María Esther Reiriz Pérez**), deberá estar localizada en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respectar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respectar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

23.- SOLICITUDE INTERVENCIÓN MUNICIPAL PARA A ERRADICACIÓN DE COMPORTAMENTOS INCÍVICOS POR PARTE DUN CONDUCTOR DE AUTOBÚS DE TRANSPORTE ESCOLAR - Xurxo Ferrón Vidán

Visto o escrito presentado por **Xurxo Ferrón Vidán**, de data 05/11/2022 (Registro de entrada nº 21.280), no que comunica un comportamento, por parte dun condutor de autobús de transporte escolar, incívico, perigoso e presuntamente ilegal, e no que solicita a intervención do Concello para avanzar na erradicación deste tipo de comportamentos.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local de data 14/11/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda** informar ao solicitante do contido do citado informe policial:

“En relación con el escrito del arriba referenciado sobre el comportamiento que considera incívico, peligroso e ilegal por parte de un conductor de un autobús de transporte escolar cuyos hechos sucedieron el pasado 3 de noviembre a las 8:45 horas en la carretera Artes-



Olveira, solicita intervención del concello para la erradicación de estos comportamientos. El oficial con número profesional xxxxxx

INFORMA:

Desde la Policía Local lamentamos estos hechos que ponen en peligro a los más vulnerables de la vía como son los peatones y los ciclistas, desgraciadamente esta infracción, como otras tantas, no se pueden erradicar por completo pero si minorizar su porcentaje, para ello la administración dispone de herramientas encaminadas para evitarlo en la mayor medida:

- 1. Los agentes de la autoridad encargados de la vigilancia del tráfico en el ejercicio de las funciones que tienen encomendadas deberán denunciar las infracciones que observen cuando ejerzan funciones de esa naturaleza, artículo 87 Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial.*
- 2. Cualquier persona podrá, igualmente, formular denuncias por hechos que puedan constituir infracciones a los preceptos del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial o de sus reglamentos, artículo 4.2 Real Decreto 320/1994, de 25 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento de procedimiento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial. Estas denuncias son de carácter voluntario. La denuncia podrá formularse por escrito dirigido a la Jefatura de Tráfico para instruir el expediente, por tratarse de la vía DP7304 la responsabilidad es de la Diputación de A Coruña, artículo 39 Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo.*

En todo caso, el oficial firmante se persona en las instalaciones de la empresa de autobuses de transporte, y mantiene conversación con el responsable de la misma para poner en conocimiento de estos hechos para que este tipo de situaciones no se vuelva a repetir.”

24.- ACHEGA CONCEDIDA A MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 14/11/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico de Artes, co interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito do noso municipio.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/11/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico de Artes, co interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito do noso municipio.

25.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- DE vivenda UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PISCINA. LUGAR:-RÚA HABANA, RIBEIRA. PROMOTORES: ELISA RODRÍGUEZ SANLÉS - CARLOS OTERO TEIRA.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión 17 de outubro de 2019 que por unanimidade acorda **CONCEDER a Dna.Elisa Rodríguez Sanlés e D. Carlos Otero Teira, LICENZA DE OBRAS nº 28/20** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E PISCINA**, na Rúa Habana, Ribeira, en parcela resultante da Escritura pública de agrupación das parcelas con ref^{as} catastrais nº 0421933NH0102S0001BH e nº 0421951NH0102S0001DH autorizada polo Notario D. José Prieto Luengo o día 24 de abril de 2019, nos termos do Proxecto Básico de outubro de 2020 redactado por D.Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078).

SEGUNDO.- Escrito presentado por Dna. Elisa Rodríguez Sanlés e D. Carlos Otero Teira rexistrado de entrada na 23 de novembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 15.871), mediante o que se presenta Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de novembro de 2020 redactado por D. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078).

TERCEIRO.- Informe técnico emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital favorable o día 28 de outubro de 2022, tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade o axuste do Proxecto de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación así como en relación á valoración do orzamento da edificación.

CUARTO:-Informe xurídico emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **28 de outubro de 2022.**

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao repsecto polo secretario xeral da corporación, de data 16/11/2022, e vista a documentación obrante no expediente,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao **expediente da licenza de obra nº 20/20**, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 8 de outubro de 2020 a **Dna. Elisa Rodríguez Sanlés e D. Carlos Otero Teira**, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23



de novembro de 2020 redactado por D.Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078):

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra **iniciarase** no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo.

TERCEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

26.- OUTORGAMENTO DE PERMISO DE VERTEDEURA - Frigoríficos del Palangre, S.A.

EXPEDIENTE: 2022VERT000006
REDE DE SANEAMENTO: COLECTOR INDUSTRIAL INDEPENDENTE
SOLICITANTE: FRIGORÍFICOS DEL PALANGRE, S.A.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada en data 2 de setembro de 2021, mediante o que se outorga permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (colector industrial independente) á empresa Frigoríficos del Palangre, S.A. (**5565***) para as súas instalacións localizadas no Polígono Industrial de Xarás, avenida Ramiro Carregal Rey, 13, Ribeira.

Julio Rosales Arosa (**8918***), en representación de Frigoríficos del Palangre, S.A. (**5565***), presenta a través da sede electrónica deste Concello un escrito, de data 26 de setembro de 2022 (entrada núm. 18.435), mediante o que solicita permiso municipal de vertedura para unha actividade de manipulado de pescado localizada no Polígono Industrial de Xarás, parcela núm. 13 e núm. 13A, Ribeira. Acompaña un proxecto técnico explicativo.

Escrito de Alcaldía, de data 30 de setembro de 2022 (saída núm. 5.721), mediante o que se lle solicita á empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., informe sobre a solicitude de permiso de vertedura efectuada por Frigoríficos del Palangre, S.A. Notificación electrónica practicada nesa mesma data.

Enrique Pérez Sobrido, en representación de Frigoríficos del Palangre, S.A., presenta a través da sede electrónica deste Concello un escrito, de data de data 27 de outubro de 2022 (entrada núm. 756), mediante o que achega documentación adicional requirida na acta de inspección núm. 20221025, de data 25 de outubro de 2022.

Escrito de Alcaldía, de data 31 de outubro de 2022 (saída núm. 6.334), mediante o que se da traslado da documentación achegada pola interesada a Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e se solicita informe. Notificación electrónica practicada nesa mesma data.

Julio Rosales Arosa (**8918***), en representación de Frigoríficos del Palangre, S.A. (**5565***), presenta a través da sede electrónica deste Concello un novo proxecto



substituíndo ao anterior, en relación coa solicitude de revisión do permiso de vertedura para unha actividade de manipulado de pescado, localizada no polígono industrial de Xarás, parcela núm. 13 e núm. 13A, Ribeira, escrito de data 7 de novembro de 2022 (entrada núm. 21.363).

Escrito de Alcaldía, de data 8 de novembro de 2022 (saída núm. 6.490), mediante o que se da traslado da documentación achegada pola interesada a Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e se solicita informe de cara á revisión do permiso municipal de vertedura. Notificación electrónica practicada nesa mesma data.

Informe técnico referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Frigoríficos del Palangre, S.A., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., asinado por Lucía Gómez Rivas, en calidade de Técnica de Control de Verteduras, e por Casimiro González Fernández, en calidade de Xerente de Concesións, sinaturas electrónicas de data 14 de novembro de 2022, achegado mediante oficio de data 14 de novembro de 2022 (entrada núm. 21.940). Acompáñase de documentación anexa.

2. NORMATIVA APLICABLE

- *Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia*
- *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Ribeira (OVR)*
- *Ordenanza fiscal B.1.14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de saneamento (OFR)*

3. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 9 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: “1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. (...)”

Establece o artigo 16 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse á solicitude do permiso de vertedura, o seguinte: “1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 14 deben solicitar ao Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no Anexo V desta ordenanza. (...)”

Establece o artigo 17 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao procedemento para a obtención do permiso de vertedura, o seguinte: “1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados polo solicitante, o Concello resolverá no sentido de:



a) *Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o interesado deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de sumidoiros pública, xuntando á súa solicitude o estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. A entidade xestora obrigará ao solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.*

b) *Autorizar a vertedura de forma condicionada.*

c) *Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas nesta ordenanza.*

5. *En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.*

6. *En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.”*

Establece o artigo 18 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*, ao referirse ao contido do permiso de vertedura, o seguinte: *“O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:*

a) *Datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.*

b) *Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.*

c) *Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.*

d) *Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.*

e) *Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.*

f) *Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, ademais indicárase a súa frecuencia e duración.*

g) *Horario de vertedura.*

h) *Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura.*

Seránlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero.

Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, o usuario gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, a entidade xestora poderá solicitar a modificación das características da sección de control.

i) *Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.*

j) *O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.*



k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle debera remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura.

m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.

o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso."

4. RESOLUCIÓN

Visto o informe referente á solicitude de permiso de vertedura ás instalacións municipais de saneamento presentada por Frigoríficos del Palangre, S.A., emitido polos servizos técnicos de Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., asinado por Lucía Gómez Rivas, en calidade de Técnica de Control de Verteduras, e por Casimiro González Fernández, en calidade de Xerente de Concesións, sinaturas electrónicas de data 14 de novembro de 2022, achegado mediante oficio de data 14 de novembro de 2022 (entrada núm. 21.940).

Visto que Frigoríficos del Palangre, S.A. xa conta con permiso municipal de vertedura para as instalacións localizadas na parcela núm. 13 do Polígono Industrial de Xarás, solicitando agora a revisión do permiso municipal de vertedura, incluíndo no mesmo as instalacións existentes e as novas, localizadas na parcela núm. 13A.

Visto que a visita de inspección ás instalacións se realizou na data do 25 de outubro de 2022, en compañía do Técnico Municipal de Medio Ambiente deste Concello.

Visto que o informe técnico resulta favorable de cara ao outorgamento do permiso municipal de vertedura.

Visto o informe Técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 15/11/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- Outorgar permiso municipal de vertedura á rede municipal de saneamento (colector industrial independente) á empresa Frigoríficos del Palangre, S.A. (**5565**) para as súas instalacións localizadas no Polígono Industrial de Xarás, avenida Ramiro Carregal Rey, parcelas 13 e 13A, Ribeira.

PERMISO DE VERTEDEURA:

a) **Datos de identificación do titular da actividade/inmable, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura:**



Nome / Razón social: Frigoríficos del Palangre, S.A.

CIF/DNI: A15565112

CNAE: 1021 "Procesado de pescados, crustáceos e moluscos", 5210 "Depósito e almacenamento"

Enderezo: Polígono Industrial de Xarás, avenida Ramiro Carregal Rey, parcelas 13 e 13A, Ribeira

Enderezo social: Polígono Industrial de Xarás, avenida Ramiro Carregal Rey, parcela 13, Ribeira

Referencias catastrais: 0336907NH0103N0003YR (parcela 13) e 0336924NH0103N0001AW (parcela 13A).

Consumo de auga: 7.560 m³/ano.

b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais:

Segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Anexo VII da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*) a actividade clasifícase: Clase 1, Grupo 3, Sector Industrial da Alimentación.

Usuario industrial. Mestura de augas residuais industriais e augas residuais asimilables a domésticas.

c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal:

A instalación conta con acometida á rede de saneamento municipal.

As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente, onde conecta a súa acometida de saneamento, son as seguintes: X: 500199,7542; Y: 4713479,7047; ED50.

As augas pluviais son vertidas, de forma difusa na parte traseira da parcela. As coordenadas do punto de vertido son: X: 500201,5687; Y: 4713479,9725; ED50. A empresa clausurou a conexión de augas pluviais á rede municipal de saneamento de augas residuais, respectando así a rede separativa.

d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.

Memoria descriptiva da actividade:

O establecemento Frigoríficos del Palangre, S.A. destínase ás actividades de procesado e comercialización de produtos pesqueiros e da acuicultura. O horario habitual de traballo é de luns a venres en horario de 9:00 a 13:00 h e de 15:30 a 19:30 h.

Datos de produción:

A empresa desenvolve as actividades de procesado, almacenamento e comercialización de produtos pesqueiros.

As cantidades de materias primas que utilizan durante o proceso de produción, facilitadas pola empresa, son as seguintes:



MATERIA PRIMA	(t/ano)
Peixe fresco	7.000
Peixe conxelado	2.000

Os datos de produción aportados pola empresa son os seguintes:

PRODUTO TERMINADO	(t/ano)
Peixe expedido	9.000

Procesos industriais:

A empresa dedícase ao procesado de produtos pesqueiros e da acuicultura, principalmente peixes e ocasionalmente mariscos. Os produtos son comercializados enteiros e maioritariamente conxelados, sempre debidamente etiquetados e documentados. A empresa dedica gran parte da súa actividade ao almacenamento en cámaras frigoríficas dos produtos.

As instalacións están divididas en tres plantas.

- Na planta superior localízanse as oficinas. É onde se realizan as actividades administrativas da empresa.
- Na planta principal e na nave situada na parcela 13A, localízanse as cámaras de conservación e almacenamento do peixe.
- Na planta inferior localízase a sala de máquinas. É onde se realiza a actividade produtiva da empresa.

Cando reciben o produto fresco, a empresa realiza o proceso de selección e clasificación, nunha sala acondicionada onde se selecciona e clasifica segundo especie, calidade e tamaño.

Despois ou ben proceden á súa venda coma fresco ou proceden á conxelación deste. A empresa dispón dun equipo de conxelación en salmoira onde se mergulla o peixe fresco nunha solución saturada de salmoira ao 23% durante 20-23 min, seguido seguido dun proceso de glaseado, procedendo á súa rápida conxelación e almacenamento a -18°C.

Se o produto chega conxelado, proceden directamente á introdución deste nas cámaras de conxelado mediante un elevador eléctrico.


A empresa pode sufrir variacións estacionais na súa produción e aumentar durante a temporada de marzo a xuño, coincidindo coas temporadas de captura de determinadas especies (caballa, xurel, sardiña...).

Con respecto ao permiso de vertedura concedido con anterioridade, a actividade que vai desenvolver a empresa non cambia, senón que aumenta colocando unha liña de conxelación en salmoira que admite máis capacidade de produción. Dita liña ten unha capacidade de tratamento de peixe de 10 t/h que lles permitirá intensificar a produción na época de maior captura indicada anteriormente. Durante a última inspección a empresa retirara a antiga liña de produción e estaban a acondicionar a sala para situar a nova liña.



A empresa destaca que dita liña de conxelación de última xeración permite a recirculación da auga na fase de glaseo polo que se optimizan os consumos de auga e polo tanto o vertido.

A continuación amósase o diagrama de fluxo dos procesos levados a cabo nas instalacións:



Balace de augas:

As augas residuais fecais estarán formadas, segundo indica a empresa, por un caudal de augas residuais fecais asimilables a domésticas dun 0,25% do vertido total e por un caudal de augas residuais industriais nun 99,75% do vertido total do caudal total de augas residuais. O caudal total estimado de augas residuais fecais é de 7.560 m³/ano, cun caudal punta de 5,04 m³/h.

O caudal vertido de augas residuais fecais de tipo asimilable a doméstica, fórmano as augas procedentes dos aseos e limpeza das instalacións de oficinas.

O caudal de augas residuais industriais, son orixinadas pola auga en salmoira e outros usos no proceso, e a limpeza da maquinaria e das zonas de traballo, que poden conter restos de escamas ou aletas de peixes.

O caudal de auga vertida, considérase nesta industria o mesmo que o caudal consumido de auga potable.

As augas pluviais recollidas na parcela están formadas por augas limpas procedentes da cuberta de 2.733,44 m².



BALANCE DE AUGAS				
Tipoloxía			Q punta	Q medio anual
Augas residuais	Auga r residuais asimilables a domésticas 0.25%	Aseos	5,04 m ³ /h	18,9 m ³ /ano
	Augas residuais industriais 99.75%	Limpeza (90%) Liña IQF (9,75%)		7541,1 m ³ /ano
Augas brancas	Augas pluviais		-	1489 m ³ /año*

*Media da pluviometría dos anos 2018-2021. A empresa presenta planos da instalación interior da rede de saneamento.

Caudais de vertido:

AUGA DE VERTEDURA		
Caudal medio anual	7.560	m ³ /año
Caudal medio mensual	630	m ³ /mes
Caudal medio diario	30,24	m ³ /día
Caudal punta horario	5,04	m ³ /hora

Sistemas e unidades de tratamento das augas residuais:

As augas residuais asimilables a domésticas, procedentes das aseos e limpeza das instalacións, son vertidas directamente á rede de saneamento municipal.

As augas residuais industriais caracterízanse por ter unha pequena cantidade de deterxentes e desinfectantes e restos de peixe, que proceden da limpeza das instalacións, piso e equipos de salmoira, e uso e limpeza das torres de refrixeración.

As augas industriais son sometidas ao seu pretratamento sendo almacenadas nunha fosa de 12 m³, dispoñendo dun equipo de decantación de 2 m de diámetro para a separación dos restos sólidos do vertido. Contan cun depósito pulmón da auga pretratada, que é posteriormente bombeada á rede de saneamento municipal. Este depósito funciona coma barreira ante posibles vertidos.

O tempo (horas) de funcionamento do bombeo de impulsión ao saneamento municipal é variable, xa que funciona en función da limpeza e do consumo de auga, que varía en función da actividade da industria. Nas épocas de maior actividade pesqueira (marzo, abril, maio e xuño) as horas de funcionamento das bombas aumentan considerablemente, pois aumentan a frecuencia de limpeza, a produción de salmoira e polo tanto o consumo de auga. A bomba conta cun caudal de 20 m³/h.



Á vista dos resultados analíticos (epígrafe e) do presente documento), considérase que o tratamento dos efluentes industriais non é suficiente e ínstase á empresa a que mellore dito tratamento para dar cumprimento aos parámetros de vertedura. A empresa xa manifestou o seu desexo de cambiar o tratamento de depuración.

É importante tamén controlar as limpezas dos depósitos de salmoira para que non causen impacto na calidade do efluente, e xestionalas correctamente a través dun xestor autorizado.

Vertidos finais á rede de sumidoiros:

A vertedura final de augas residuais está formada polo conxunto de augas asimilables a augas domésticas e as augas residuais industriais pretratadas. Ambos caudais son vertidos no mesmo punto de conexión, de forma separada.

As augas pluviais recollidas pluviais, consideradas augas brancas, non susceptibles de afección son recollidas na cuberta e conducidas á parte traseira da parcela. Estas quedarán no terreo sempre e cando non produzan danos e a calidade das augas non sexa afectada no seu paso pola instalación. A empresa clausurou a conexión de augas pluviais á rede de saneamento municipal de augas fecais, respectando así a rede separativa.

e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura:

Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura serán os valores máis restritivos, tendo en conta os límites establecidos no artigo 13 da *Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento*.

Os parámetros mínimos a analizar e os límites de aplicación serán os seguintes:

PARÁMETROS ANALÍTICOS		
Parámetro	Límite de verteduras	Unidades
Conductividade (25°C)	5.000	µS/cm
pH	5,5-9	Ud pH
DQO	700	mg/L
DBO ₅	300	mg/L
Sulfuros	1	mg/L
Sólidos en suspensión	250	mg/L
Nitróxeno amoniacal	50	mg/L
Nitróxeno total	115	mg/L
Fósforo total	25	mg/L
Aceites e graxas	50	mg/L
Hidrocarburos	15	mg/L
Deterxentes	6	mg MBAS/L



A continuación detállanse os resultados analíticos das mostras tomadas polo Servizo:

DATA	pH	Conductiv.	DBO	DQO	SST	Sulfuros	N. Amoniacal	P total	Aceites e graxas
03/12/2020	7,6	5.620	25	82	31	0,00	8	7	5
14/07/2021	7,5	674	11	20	5	1	4	0,58	5
16/12/2021	7,8	7.100	16	64	27	0,23	47	19,4	6
29/03/2022	7,3	8.570	19	<100	93	5,31	28	1,2	10
28/06/2022	7,1	>12.880	610	1.140	277	126	>77	49	206
30/09/2022	7,5	383	12	56	124	18,60	>4	1,2	>5
Límites aplicables	5,5-9	5.000	300	700	250	1	50	25	50
Unidades	U. pH	us/cm	mg O ₂ /L	mg O ₂ /L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L	mg/L

Rexistráronse varios incumprimento nas mostras analizadas. En concreto:

- Conductividade: incúmptrese un 67% do total de analíticas realizadas no período analizado.
- Sulfuros: incumpre no 50% das mostras analizadas.
- Resto de parámetros (excepto pH): incúmptrese na analítica do 28/06/2022. A empresa presenta xustificación para dita analítica alegando que foi un vertido accidental durante a retirada das salmoiras co camiión do xestor autorizado e que se solucionou na maior brevidade posible.

A empresa deberá xestionar a salmoira de conformidade co plan achegado á solicitude inicial de permiso de vertedura, procedendo á súa retirada mediante xestor autorizado.

A empresa debe asegurar o cumprimento dos límites de vertido. A empresa manifesta o seu desexo de instalar unha nova depuradora para o tratamento de ditos efluentes cos que eliminar os incumprimentos que ven tendo ata o momento.

f) Límites cuantitativos da vertedura:

O caudal de augas residuais verterase de forma distribuída ao longo do día. En todo caso, os caudais máximos instantáneos non poderán superar o triplo do caudal medio autorizado. O horario do establecemento é de luns a venres, en horario de 9:00 a 13:00 h e de 15:30 a 19:30 h. O vertido producirase espraído ó longo do día a través das consignas de nivel do bombeo interno.

O volume medio anual é de 5.045 m³/ano, polo que o volume diario é de 20 m³/día, e 0,83 m³/hora (tendo en conta o vertido espraído as 24 horas/día). O caudal punta horario estimado pola empresa é de 2,5 m³/hora (20 m³/día e 5.045,0 m³/ano).

CAUDAIS DE VERTIDO		
Caudal medio anual	7.560	m ³ /ano
Caudal medio diario	30,24	m ³ /día
Caudal punta horario	5,04	m ³ /hora

g) Horario de vertedura:

O horario de funcionamento do establecemento é de luns a venres, en horario de 9:00 a 13:00 h e de 15:30 a 19:30 h. O vertido producirase espraído ao longo do día a través das consignas de nivel do bombeo interno.



h) Características da sección de control que deberá instalar o titular da vertedura segundo o disposto no ANEXO VIII, punto 9, alínea e), que deberá estar operativa en menos de seis (6) meses dende a concesión do permiso de vertedura:

Atendendo ao artigo 31 do RMAG, a mostra tomarase da arqueta de rexistro se existise, no último punto accesible de saída de augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de sumidoiros e a calquera dilución.

Considerarase o punto de toma de mostras, o pozo onde son bombeadas as augas de tipo industriais, antes de mesturarse coas augas asimilables a domésticas procedentes dos aseos. As coordenadas UTM do pozo de rexistro existente son as seguintes: X: 500199,7542; Y: 4713479,7047; ED50.

i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso e outros condicionantes:

O permiso está condicionado ao cumprimento das esixencias que se establecen nesta proposta e no informe emitido pola empresa xestora do Servizo de Saneamento.

En relación coas verteduras, mantemento das instalacións e xestión de residuos, establécense os seguintes condicionantes e prazos:

- A salmoira empregada nos procesos industriais deberá xestionarse de conformidade co previsto no proceso de xestión de data 8 de xuño de 2021, achegado mediante solicitude de data 9 de xuño de 2021 (entrada núm. 19.564).
- A empresa deberá ocuparse da limpeza periódica dos sistemas de tratamento da instalación e do seu correcto funcionamento.
- Deberase continuar coa xestión apropiada dos residuos xerados na instalación. Será necesario que se reporte de forma anual ao Concello, as cantidades xeradas de cada residuo, incluíndo xustificantes da correcta xestión.
- Deberase mellorar o tratamento de depuración para dar cumprimento aos parámetros de vertedura. No prazo máximo de doce (12) meses a empresa deberá achegar documentación técnica explicativa sobre as melloras a introducir no sistema de tratamento de depuración dos efluentes.

j) O programa de control da vertedura. O titular da vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 27. A Entidade Xestora definirá en cada caso particular as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes:

Unha vez aprobada a revisión do permiso de vertedura por parte deste Concello, deberá realizarse unha (1) inspección trimestral con toma de mostra, podendo ser esta puntual ou integrada durante o período de menor actividade, e unha (1) inspección mensual con toma de mostra (integrada ou puntual) durante os meses de maior produción (febreiro-maio, marzo-xuño ou os que correspondan segundo a campaña). A empresa deberá avisar ao Concello coa antelación coa que sexa posible do calendario de produción. A toma de mostras para o control da vertedura comezará a realizarse trala notificación do informe do Servizo á interesada.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EEC5F00Z4F5A6Y8W4J1 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 17/11/2022 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/11/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/11/2022 13:49:04	DOCUMENTO: 20220978015 Fecha: 17/11/2022 Hora: 13:48
--	--	--



De non detectarse ningún incumprimento significativo, manteranse ditas inspeccións, segundo determine o Concello. En caso contrario, o Servizo informará ao Concello dos incumprimentos para que tome as medidas oportunas (aumento do número de inspeccións, sancións e incluso rescisión do permiso de vertido).

As contías económicas das inspeccións xornais e comprobacións de vertedura que se establecen neste punto están reguladas na OFR.

De acordo co disposto no artigo 27 da OVR, en relación á realización de autocontrois por parte do titular do permiso, o Servizo considera que dita instalación non leva asociado un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento e depuración, polo que non é necesario un autocontrol por parte do titular.

Debido ás características cuantitativas e cualitativas do vertido, non se considera necesaria a toma de mostras automáticas. A administración poderá instalar un equipo de toma de mostras automático co fin de tomar mostras integradas nas labores de inspección.

Non se considera necesario esixir un informe periódico ao usuario.

O plan de seguimento e control dará comezo nun mes a partir da emisión do informe de inspección, indiferentemente da súa resolución, debido ao estado activo das instalacións.

Realizaranse inspeccións nos supostos nos que sexan realizados cambios nas instalacións ou na actividade desenvolta que poidan afectar á calidade e volume das augas de vertedura, así coma en caso de sospeitarse de vertidos que poidan estar afectando as instalacións de saneamento e depuración municipais. De cada inspección o Servizo emitirá un informe para o control e seguimento do permiso de vertidos, a petición do Concello. O Servizo informará ao Concello en caso de detectarse incumprimentos para que tome as medidas oportunas (aumento do número de inspeccións, sancións e incluso rescisión do permiso de vertido).

k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o titular do permiso de vertedura lle deberá remitir a entidade xestora, especificando a súa periodicidade:

Debido ás características cuantitativas e cualitativas do caudal de vertido da empresa, o Servizo non considera necesario a emisión de informes de autocontrol por parte da empresa.

l) Prazo de validez do permiso de vertedura:

Oito (8) anos. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido na OVR. Será renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso da Entidade Xestora e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 19.



m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban ser postas en práctica polo titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa entidade xestora para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia:

Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, unha vertedura estraña á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigosa para a seguridade física das persoas, instalacións, estación depuradora ou ben á propia rede.

No caso de Frigoríficos del Palangre, S.A., a empresa entregou o Plan de Emerxencias en caso de derrames de aplicación nas instalacións, polo que non se requiren medidas adicionais.

A continuación achéganse as instrucións a seguir ante unha situación de emerxencia ou perigo:

1º. Comunicalo con urxencia á empresa concesionaria do servizo de saneamento, actualmente Viaqua Gestión Integral de Agua de Galicia, S.A.U., e ás autoridades municipais. Teléfonos:

- Viaqua Central (24 h): 900201230
- Garda Viaqua: 609811249
- EDAR de Ribeira: 672293191
- Policía Municipal de Ribeira: 981871178
- Protección Civil: 981876029

2º. Unha vez establecida a conexión, o usuario indicará o tipo e a cantidade de produtos vertidos á rede e tomaranse todas aquelas medidas necesarias para minimizar os posibles danos colaborando en todo momento co Concello.

3º. Nun prazo máximo de 48 h o usuario deberá emitir ao Concello un informe detallado do sucedido que incluírá, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome e identificación da empresa.
- Dirección da mesma.
- Caudal e tipo de materias vertidas.
- Hora e causa do accidente.
- Correccións efectuadas "in situ".
- Hora e forma en que se comunicou o incidente ao Concello.

n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do Anexo IV, "Nota 13: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.", sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe a Entidade Xestora. Finalizado o prazo fixado o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción:

Non procede.



o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos:

A valorar.

p) Para os permisos que resulten da solicitude sinalada no Artigo 16.2, os condicionantes baixo os que se decide outorgar o permiso de vertedura:

Non procede.

q) Calquera outra condición que a entidade xestora considere oportuna en razón das características específicas do caso:

Dispositivos de seguridade/almacenamento:

Os dispositivos adoptados para previr accidentes no almacenamento de deterxentes e produtos de limpeza, combustibles ou outros líquidos susceptibles de ser derramados (como aceites usados), consisten na utilización de cubetos de retención de seguridade, elaborados con material de aceiro inoxidable e revestidos interiormente de fibra de vidro para garantir a súa impermeabilidade e estanquidade, evitando desta maneira as fugas e derrames ao chan.

En calquera caso deberase contar con material absorbente para evitar que un derrame accidental poida saír polos sumidoiros. O persoal contratado deberá estar informado do protocolo de actuación en caso de derrames de produtos na instalación. En caso de que o derrame puidera chegar a saír a través dos sumidoiros, deberase alertar ao Concello e ao Servizo de Augas na maior brevidade posible.

A empresa presenta o Plan de emerxencia en caso de derrames onde indican os dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento de materias e produtos líquidos susceptibles de ser vertidos á rede de sumidoiros (produtos de limpeza, aceites, combustibles...).

A empresa entrega as fichas técnicas e de seguridade dos produtos líquidos que son usados na actividade habitual da empresa. Poden consultarse no anexo 6.9 do informe de inspección as fichas dos seguintes produtos:

- Lixivia Normal Unex en garrafas de 2-5 l, desinfectante. Asturquimia S.L.
- Stenco B35 en garrafas de 5 l, biocida. Stenco Industrial, S.L
- Stenco C-704, antiincrustante. Stenco Industrial, S.L

Xestión de residuos:

A empresa está inscrita como pequena produtora de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número CO-RP-P-PP-01753 e co NIMA 1500044825.

En canto á xestión de residuos, estes atópanse debidamente identificados, dispoñendo dunha etiqueta onde se indica a data de inicio de almacenamento. Ademais, o persoal responsable é consciente de que se debe proceder á retirada dos mesmos a través dun xestor autorizado antes dos seis meses de almacenamento.



A empresa é produtora de lodos de EDARi, orixinados no pretratamento realizado das augas residuais. Estes son tratados co xestor Manuel Romano Cameán.

A continuación detállanse os residuos perigosos e non perigosos producidos nas instalacións:

RESIDUOS				
Denominación	Perigoso/ Non perigoso	LER	Xestor	Cantidades
Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes	Perigoso	130205	Ingaroil	200 L/ano
Absorbentes, filtros de aceite, trapos de limpeza contaminados por substancias perigosas	Perigoso	150202	Ingaroil	20 Kg/ano
Tubos fluorescentes e outros residuos de mercurio	Perigoso	200121	Ingaroil	50 tubos/ano
Baterías de chumbo	Perigoso	160601	Ingaroil	10 Kg/ano
Cinzas volantes e polvo de caldeira	Perigoso	100104	Ingaroil	0
Lodos EDARi	Non perigoso	190814	Manuel Romano Cameán	80 Kg/ano
Cartón	Non perigoso	150101	Coregal	1.500 Kg/retirada*
Materia orgánica (escamas)	Non perigoso	040210	Non aportado	1.000 Kg/ano
Residuos de conservantes (salmoira)	Non perigoso	020302	Non aportado	20.000 Kg/ano

**O número de retiradas é variable durante o ano en función das épocas de pesca, especies e cantidades recibidas.*

A empresa deberá asegurar que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación; garantindo en todo caso que se impida calquera afección ao medio ambiente. As zonas de almacenamento de residuos, así como os seus contedores, manteranse correctamente sinalizados e etiquetados, no seu caso, e en correcto estado de mantemento e limpeza. A empresa deberá asegurar unha xestión adecuada dos residuos xerados.

Con carácter anual a empresa deberá entregar por rexistro un listado das cantidades de residuos perigosos e non perigosos xerados durante o último ano, acreditando a devandita xestión mediante a documentación correspondente.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

